

CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

ALUMNADO DE COMEDOR

Estimadas familias, segundo a orde do 27 de marzo de 2020 da Consellería de Educación, que sairá publicada mañá día 30, informámolas do seguinte:

- As familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar (**USUARIOS GRATUÍTOS e SEMIGRATUÍTOS QUE PAGAN 1€**) poderán solicitar unha **AXUDA** para compensar o custo dos menús diarios dos seus fillos/as, que en período lectivo corre por conta da administración educativa, durante o tempo da suspensión do servizo de comedor como consecuencia da pandemia COVID-19.
- Esta axuda será de **2,50 € para os usuarios gratuítos e de 1,50 € para os semigratuítos, por cada día lectivo** que non se fixo uso do comedor, dende o 16 de marzo ata o 3 de abril, en total 14 días. Tamén cubriría, nun segundo pagamento, ata o 1 de maio en caso de prolongarse a suspensión das clases.
- As **solicitudes** presentaranse por vía telemática, a través da **sede electrónica da Xunta de Galicia**, dende o **martes 31 de marzo ata o luns 6 de abril**, ambos inclusive. Para iso é necesario dispoñer de certificado dixital ou chave 365. Para calquera dúbida con esta xestión poden consultar co centro por correo electrónico ceip.sigüeiro@edu.xunta.gal ou por teléfono 881866202 en horario de 10:00 a 13:00.
- As familias que non poidan presentar a solicitude por este medio, deberannos facer chegar preferentemente por correo electrónico ou, se non, telefonicamente ata o xoves, día 2 de abril os seguintes datos:
 - Nome, apelidos e DNI do pai/nai/titor/a
 - Nome, apelidos e curso dos fillos/as indicando o tipo de usuario (gratuíto ou 1€)
 - Número de conta bancaria

Agardando que se atopen ben, reciban un cordial saúdo.

Sigüeiro, 29 de marzo de 2020

O Equipo Directivo